



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO RÍO SAN PEDRO, PE-2R, CONCELLO DE OLEIROS

Promotor: Concello de Oleiros
Órgano substantivo: Concello de Oleiros
Expediente: 2019AAE2326
Código web: 2198/2019

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O concello de Oleiros dispón dun Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente o 11.12.2014.
2. O día 17.04.2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Oleiros no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de protección e acondicionamento do Río San Pedro, PE-2R*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 23.04.2019 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de dous meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica. Ao mesmo tempo, consultouse a outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da dita Lei do solo.
2. Segundo o artigo 46.2b) da LSG o planeamento de desenvolvemento debe someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
3. De acordo co artigo 75.3b) da LSG, o órgano ambiental -tras consultar ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas- formulará o informe ambiental estratéxico.
4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Plan especial

Ámbito de actuación: trátase dun ámbito previsto no PXOM, que abrangue os terreos á beira do río San Pedro, entre Iñás e O Seixal, no concello de Oleiros.






Superficie: 438.300 m², unha extensión levemente superior á superficie delimitada no PXOM, ao axustarse ao parcelario catastral e á cartografía de detalle elaborada para este Plan.

Obxecto: ordenar a contorna do Río San Pedro coa finalidade de promover a restauración ambiental e acondionala para o uso público.

Proposta: o plan zonifica e senta os criterios para a restauración da contorna do río e a protección dos elementos naturais e construídos de interese. Neste sentido, inclúe os seguintes aspectos:

- Establece as zonas nas que se desenvolverán actuacións para a conservación das masas arbóreas existentes, así como para a erradicación das especies invasoras e alóctonas.
- Incorpora un itinerario peonil e ciclista ao longo do río de 4 km, ao sur da N-VI, e unha rede de itinerarios paralelos con accesos rodados perimetrais e aparcadoiros de bordo, que posibilitan o achegamento ao espazo fluvial. Ao longo dos percorridos ciclistas e peonís localízanse áreas de estacionamento para bicicletas, así como outros servizos.
- Planifica o emprazamento das áreas de lecer, que recibirán un tratamento de carácter brando, apropiado a unha contorna natural fluvial, para albergar actividades deportivas ou lúdicas ao aire libre. Regularase o deseño dos equipamentos necesarios, para evitar o uso de elementos ou texturas máis propias de contextos urbanos.



Ámbito da proposta

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O río San Pedro sitúase na grande área paisaxística do Golfo Ártabro, na comarca paisaxística do Golfo Ártabro Litoral. O POL cualifica os terreos como área de ordenación.

Ao transcorrer o río nun contexto urbanizado, en parte está acoutado por edificacións residenciais, dotacións e naves, e pola estrada N-VI, que discorre paralela a escasos metros ao norte.

A paisaxe na que se prevén as actuacións caracterízase por unha ampla variedade de escenas. O curso fluvial atópase nun estado bastante naturalizado, no que abundan as especies de ribeira, coa presenza do hábitat prioritario *Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior* (hábitat 91E0*). Esta franxa de especies autóctonas vese interrompida por algunhas instalacións deportivas ou por masas de especies alóctonas e/ou invasoras. O Borrador identifica e localiza as agrupacións de ditas especies, tales como as canas (*Arundo donax*) e a herba da pampa (*Cortaderia selloana*).

Os terreos afectados non coinciden con ningún ámbito incluído na Rede galega de espazos protexidos. Non forman parte de montes veciñais mancomunados nin teñen sido obxecto de procesos de concentración parcelaria. Case todo o ámbito están afectados polo zona de policía e de servidume dos cursos fluviais.





O Plan especial recolle os *Elementos de interese patrimonial cultural e natural* catalogados polo PXOM vixente (Muíño de Carbón, Muíño de Auga e a Fonte da Canteira) así como outros próximos (lavadoiros, fonte, e peches de fincas).

Polos núcleos de Iñás e O Seixal, ao sur da estrada N-VI, discorren as principais redes de servizos con derivacións cara ó ámbito: o abastecemento de auga, o saneamento, a enerxía eléctrica, o alumeadado público, telecomunicacións e gas. A rede de pluviais recolle as augas de escorrenta nas diferentes rúas que limitan co ámbito, que son conducidas en diferentes puntos cara ao rego de San Pedro.

O ámbito conta con paradas de transporte público próximas.

3. Período de consultas previas

Recibiuse resposta do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Dirección Xeral de Mobilidade.

O Concello deberá considerar estas observacións no proceso de elaboración do Plan especial, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Instituto Estudos do Territorio

Sinala que a incidencia do Plan podería resultar positiva, xa que as actuacións previstas neste treito fluvial -eliminación de especies vexetais alóctonas, limpeza e ordenación do ámbito e mellora da accesibilidade- recuperarán algúns dos seus valores e facilitarán o seu disfrute. Non obstante, para mellorar a integración paisaxística das actuacións, suxírense incorporar as seguintes medidas:

- A superficie da senda peonil/ciclista realizarase en materiais filtrantes e de aspecto naturalizado. Solucións tipo gravilla ou saburra axústanse a estas características. O tratamento do pavimento das zonas destinadas a aparcadoiro debería presentar un aspecto compatible co entorno vexetal. Solucións tipo bloques de reixa resultan adecuadas.
- O deseño das pequenas construcións que se prevén (aseos, merendeiros ou similares), así como a sinalética e demais elementos de mobiliario, deberá ser coidado e ofrecer unha imaxe propia das pequenas construcións tradicionais en solo rústico, afastándose de deseños propios das contornas urbanas.
- Caso de atoparse peches tradicionais no ámbito, deberán conservarse e integrarse no deseño xeral da instalación.

Aconsella que o estudo funcional e paisaxístico que se pretende realizar en fases posteriores se redacte nas primeiras fases dos traballos, de modo que as súas conclusións sexan incorporadas desde o primeiro momento no deseño da actuación.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Indica que o Borrador manifesta a súa intención de recuperación e posta en valor dos muíños, mais sen concretar a proposta.

Sinala que non se inclúe normativa relativa á protección do patrimonio cultural. Indica que poderían formar parte deste patrimonio etnolóxico os elementos configuradores da estrutura tradicional do ámbito, como son a rede de camiños, as sebes, tapias, noiros e outros semellantes, así como as fontes e lavadoiros.

Incorpora as seguintes observacións e suxestións:





- Farase un estudo exhaustivo do ámbito, xa que se detecta a existencia doutros elementos que poderían ser posuidores de valores que os fagan merecentes da súa inclusión no catálogo e a súa representación nos planos de ordenación.
- Elaborarase un Catálogo propio do Plan especial, no que se incorporen fichas individuais de cada un dos bens, co contido axustado ás esixencias da normativa vixente, polo que indica correccións respecto daquelas contidas no Catálogo do PXOM.
- Engadirase un apartado específico coa Normativa relativa ao patrimonio cultural, actualizada segundo o marco normativo vixente.
- Representarase a delimitación dos bens e a dos seus contornos de protección.
- De concluír a existencia de elementos posuidores de valores culturais, para os que se considere conveniente a súa salvagarda, mais sen necesidade da súa catalogación, recomenda cartografalos para a súa integración na futura ordenación do ámbito.

Axencia Galega de Infraestruturas

Indica que a estrada AC-221, dada a súa IMD, non foi incluída na elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios, en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE.

Sinala as limitacións de uso derivadas do ruído que deben incluírse na parte normativa do Plan. Finalmente, xunta os criterios de ordenación e as distancias mínimas que -con carácter xeral- a Axencia considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Indica que a zona de actuación non afecta a montes veciñais en man común, nin incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública ou de xestión pública. Tampouco atopa posibles afeccións negativas ao medio forestal derivadas da execución das obras.

Non obstante, ao tratarse dun borrador, lembra que resulta necesario axustar as prescricións relativas ás normas e actuacións sobre terreos forestais e masas arbóreas á distribución de competencias establecida na lei 7/2012, de montes de Galicia e ao contido na lei 3/2007, de prevención e defensa fronte aos incendios forestais. En concreto, incide en que na contorna das liñas eléctricas se deberá xestionar a vexetación en base ao indicado no artigo 20 bis de dita lei 3/2007.

Dirección Xeral de Mobilidade

Non aporta ningunha consideración.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este Plan especial preténdese ordenar a contorna do Río San Pedro para abordar a restauración ambiental desta zona, así como recuperar este treito fluvial para o uso público e obter unha vía alternativa ao tráfico motorizado.

O Plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Non inflúe noutros plans ou programas, nin se considera pertinente para a integración de consideracións ambientais.

En xeral, considérase que a proposta terá unha incidencia positiva sobre o patrimonio natural e a paisaxe, xa que prevé actuacións de conservación das masas de vexetación de ribeira, así como a erradicación das especies invasoras ou alóctonas presentes no ámbito. Ademais, o documento contén medidas para o mantemento da paisaxe fluvial, regulando o deseño das construcións e limitando o emprego de elementos ou texturas propias de ámbitos antropizados.





O plan especial leva aparellada tamén a posta en valor do patrimonio arquitectónico e etnográfico construído. Ademais -a partir do estudo pormenorizado do ámbito- poden xurdir novos elementos patrimoniais susceptibles de catalogar e/ou protexer.

Respecto da mobilidade, considérase positiva a creación dunha senda alternativa ao tráfico rodado que permita fluxos peonís e de medios de transporte alternativos.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados do Plan especial.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan especial de protección e acondicionamento do Río San Pedro, PE-2R, concello de Oleiros*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan especial de protección e acondicionamento do Río San Pedro, PE-2R, concello de Oleiros***.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal>); remitirase ao Concello de Oleiros, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do Plan especial.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase o Plan especial no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Plan especial.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Cruz Ferreira Costa
Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático





Distancias mínimas que, con carácter xeral a Axencia Galega de Infraestruturas considera precisas para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

SUELO URBANO

- ALIÑACIÓN

Distancia mínima entre aliñacións de viario	Solo urbano	
	Consolidado	Non consolidado
Autoestradas , autovías e vías para automóviles	50 m (25 ó eixo da calzada)	
Resto de estradas da rede primaria básica	24 m (12 ó eixo da calzada)	
Estradas da rede primaria complementaria	20 m (10 ó eixo da calzada)	
Estradas da rede secundaria	16 m (8 ó eixo da calzada)	

- LIÑA DE EDIFICACIÓN

Distancia mínima entre aliñacións de edificación e o exixo da calzada	Solo urbano	
	Consolidado	Non consolidado
Autoestradas , autovías e vías para automóviles	25 m	
Resto de estradas da rede primaria básica	12 m	
Estradas da rede primaria complementaria	10 m	
Estradas da rede secundaria	8 m	

SUELO DE NÚCLEO RURAL

- ALIÑACIÓN

Distancia mínima entre aliñacións de viario	Solo de núcleo rural	
	Tradicional	Común
Autoestradas , autovías e vías para automóviles	50 m (25 m ó eixo da calzada)	
Resto de estradas da rede primaria básica	24 m (12 ó eixo da calzada)	
Estradas da rede primaria complementaria	20 m (10 m ó eixo da calzada)	
Estradas da rede secundaria	16 m (8 m ó eixo da calzada)	

- LIÑA DE EDIFICACIÓN

Distancia mínima entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada	Solo de núcleo rural	
	Tradicional	Común
Autoestradas, autovías e vías para automóviles	30 m	50 m
Resto de estradas da rede primaria básica	15 m	18 m
Estradas da rede primaria complementaria	13 m	16 m
Estradas da rede secundaria	11 m	14 m



INFORME RESPONSA NA FASE DE CONSULTAS DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ANTECEDENTES

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, mediante correo electrónico de data 23/04/2019 comunicoulle á Axencia Galega de Infraestructuras a posta a disposición do borrador e o documento ambiental estratéxico do seguinte plan:

Nome do plan: Plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro, PE-2R
Promotor: Concello de Oleiros
Órgano substantivo: Concello de Oleiros
Expediente: 2019AAE2326
Código web: 2198/2019

Co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece o artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establecendo o prazo para dita consulta ata o día 24/06/2019 e solicitando que se lle envíen as observacións e suxestións que considere oportunas en relación ós posibles efectos ambientais significativos do citado Plan.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio.

Orde circular 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.

Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

ESTRADAS AFECTADAS

As estradas autonómicas que discorren no ámbito ao que se refire este Plan son as que se amosan na seguinte táboa:

Código	Denominación	Categoría
AC-221	San Pedro de Nós (N-VI) – Mabegondo (AC-542)	S

INFORME

Anéxanse a este informe os criterios de ordenación e as distancias mínimas que, con carácter xeral, esta Axencia considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

Con carácter excepcional poderán admitirse reducións extraordinarias das distancias indicadas para as aliñacións de viario e de edificación, que afecten a solo urbano ou de núcleo rural, nos seguintes casos debidamente xustificadas:

- Para manter as fronteas consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións.
- Para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así coma outros elementos patrimoniais protexidos.





Na documentación presentada non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. A día de hoxe non hai servidumes acústicas declaradas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia. A estrada AC-221, dada a súa IMD, non foi incluída na elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE. Deberán incluírse na parte normativa as seguintes limitacións de uso derivadas do ruído, co seguinte texto:

“Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal, a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento”.

Finalmente, o Plan adaptarase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados por esta Axencia e que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:

Sonia Sánchez Carbajales

Xefa do Servizo de Planificación

Asinado dixitalmente:

Carlos Lefler Gullón

Xefe da Área de Planificación e Proxectos





NORMATIVA REGULADORAS EN RELACIÓN Á REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA

ÍNDICE

1 ORDENACIÓN DE SISTEMAS.....	2
1.1 CLASIFICACIÓN DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS.....	2
1.2 CONDICIÓN DA REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICA.....	2
1.2.1 ZONA DE DOMINIO PÚBLICO.....	2
1.2.2 ZONAS DE PROTECCIÓN DA ESTRADA E LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN.....	2
1.2.3 LIMITACIÓN DE USO DERIVADAS DO RUÍDO.....	3
2 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO.....	4
2.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN.....	4
2.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN.....	4
2.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.....	4
2.2.2 POSICIÓN DO PECHE.....	4
2.3 CONDICIÓN DE ACCESO.....	4
2.4 OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN....	4
3 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL.....	6
3.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN.....	6
3.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN.....	6
3.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.....	6
3.2.2 POSICIÓN DO PECHE.....	6
3.3 CONDICIÓN DE ACCESO.....	7
3.4 OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN...7	
4 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE.....	8
4.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN.....	8
4.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN.....	8
4.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.....	8
4.2.2 POSICIÓN DO PECHE.....	8
4.3 CONDICIÓN DE ACCESO.....	8
5 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO.....	10
5.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN.....	10
5.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN.....	10
5.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.....	10
5.2.2 POSICIÓN DO PECHE.....	10
5.3 CONDICIÓN DE ACCESO.....	10



1 ORDENACIÓN DE SISTEMAS

1.1 CLASIFICACIÓN DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS

As estradas autonómicas clasifícanse, en atención ás súas características técnicas, segundo se dispón no artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou no precepto correspondente da norma de rango legal que a veña a substituír.

En atención ás súas características funcionais, as estradas autonómicas clasifícanse segundo estableza a normativa de desenvolvemento da lexislación sectorial en materia de estradas de Galicia.

1.2 CONDICIÓN DA REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICA

1.2.1 ZONA DE DOMINIO PÚBLICO

1. A zona de dominio público das estradas está integrada polos terreos ocupados por todos os elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración autonómica, e defínese segundo o previsto no artigo 37, en relación co 2, da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

2. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

3. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

No caso de obras, instalacións ou actividades, non executadas pola administración autonómica, na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, as anteditas autorizacións serán outorgadas polos concellos, logo do informe vinculante da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións. Ese informe será tamén preciso no caso de obras que vaia realizar o propio concello.

4. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para a zona de dominio público serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, projectos de trazado ou projectos de construción correspondentes.

1.2.2 ZONAS DE PROTECCIÓN DA ESTRADA E LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

1. Para a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario, ademais da zona de dominio público, establécense as zonas de protección da estrada denominadas de servidume e de afección, así como o trazado da liña límite de edificación.

Para o seu establecemento e delimitación estarase ao abeiro do previsto nos artigos 38 (zonas de protección da estrada e liña límite de edificación), 39 (delimitación da zona de servidume),



40 (delimitación da zona de afección) e 41 (delimitación da liña límite de edificación) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

2. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

3. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas, ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para as zonas de protección e pola liña límite de edificación serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.3 LIMITACIÓNS DE USO DERIVADAS DO RUÍDO

Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.



2 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO

2.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

As parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través:

- a) Doutras viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.
- b) Dun acceso único a través da estrada autonómica, autorizado pola súa administración titular, cando a finca orixinal non conte con posibilidade de acceso alternativo a través doutros viarios públicos. En todo caso, poderán ser independentes a entrada e a saída á estrada.

2.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN

2.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2.2.2 POSICIÓN DO PECHE

Os peches de parcelas nas marxes das con estradas de titularidade autonómica, calquera que sexa a súa tipoloxía, poderán situarse nas aliñacións oficiais exteriores.

2.3 CONDICIÓN DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

2.4 OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN

As edificacións, instalacións e peches preexistentes, nos solos urbanos, situados nas marxes das estradas autonómicas, quedarán en situación de parcial incompatibilidade co plan cando se sitúen máis afastados da estrada que a aliñación de viario, pero máis próximas á mesma que a aliñación de edificación.



Nestes casos, só poderán autorizarse obras de conservación, mantemento e rehabilitación, así coma as obras de reforma, que en ningún caso poderá supoñer un aumento de volume da construción existente, por enriba ou por debaixo da rasante.



3 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

3.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

1. As parcelacións e segregacións de parcelas lindadeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través:

- a) Doutras viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.
- b) Dun acceso único a través da estrada autonómica, autorizado pola súa administración titular, cando a finca orixinal non conte con posibilidade de acceso alternativo a través doutros viarios públicos. En todo caso, poderán ser independentes a entrada e a saída á estrada.

2. Será requisito, para a realización de parcelacións e segregacións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que esta teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

3.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN

3.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo de edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.

3.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica, segundo a súa tipoloxía, rexeráse polas seguintes condicións:

- a) Os peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas, poderán situarse no borde da parcela.
- b) Os peches diáfanos, con cimentación de obra de fábrica que non sobresaia máis de corenta centímetros (40 cm) en ningún punto da rasante do terreo, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación oficial exterior, grafada nos planos de ordenación.



c) O resto de peches non diáfanos ou de obra de fábrica, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación de edificación.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

3.3 CONDICIÓN DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

3.4 OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN

As edificacións, instalacións e peches preexistentes, nos solos de núcleo rural, cando fosen recoñecidos como treitos urbanos de núcleo rural a efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, situados nas marxes das estradas autonómicas, quedarán en situación de parcial incompatibilidade co plan cando se sitúen máis afastados da estrada que a aliñación de viario, pero máis próximas á mesma que a aliñación de edificación.

Nestes casos, só poderán autorizarse obras de conservación, mantemento e rehabilitación, así coma as obras de reforma, que en ningún caso poderá supoñer un aumento de volume da construción existente, por enriba ou por debaixo da rasante.



4 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE

4.1 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

1. As parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutros viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.

2. Será requisito para a realización de parcelacións e segregacións nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4.2 CONDICIÓN DE POSICIÓN

4.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. Entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas, prohíbese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Nas edificacións e instalacións preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada das estradas e a liña límite de edificación só se poderán autorizar excepcionalmente as actuacións permitidas na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

Non se admitirán voos sobre as liñas límites de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexeráse pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas.

Nos peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada das estradas e a liña límite de edificación só se poderán autorizar excepcionalmente as actuacións permitidas na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.



4.3 CONDICIÓN DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.



5 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO

5.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

1. As parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas de titularidade autonómica só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutros viarios públicos que non sexan estradas de titularidade autonómica.

2. Será requisito para a realización de parcelacións e segregacións nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

5.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN

5.2.1 POSICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. Entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas, prohíbese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Non se admitirán voos sobre as liñas límites de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

5.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexeráse pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

5.3 CONDICIÓNS DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.



Expediente IET: P-19-254.
Plan ou programa: Plan especial de protección e
acondicionamento do río San Pedro, PE-2R.
Concello: Oleiros (A Coruña).
Promotor: Concello de Oleiros.
Expediente DXCACC: 2019AAE2326.

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Con data do 23/04/2019, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico do plan ou programa referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Marco legal:

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano ambiental debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan ou programa que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

2. Descrición do plan ou programa e contido da documentación:

O plan especial ten por obxecto ordenar un ámbito, previsto no PXOM de Oleiros, duns 400.000 m² en torno ao rego San Pedro, que descorre ao sur da N-VI. A ordenación proposta pretende, por unha parte facer máis accesible o lugar mediante a mellora das vías de acceso, a creación de varias zonas de aparcadoiro e a adecuación dunha senda peonil/ciclista que percorrerá o ámbito paralelo á N-VI, xunto con outros itinerarios secundarios. Por outra banda se prevé xerar varias áreas estanciais/dotacionais así como a realización de tarefas de limpeza e conservación das masas arbóreas existentes de especies autóctonas no resto do ámbito e a eliminación dos exemplares de especies alóctonas e/ou invasoras. Respecto a estas áreas estanciais/dotacionais, o borrador indica que o tratamento destas será de carácter brando, integrado no entorno natural fluvial. Os usos que poderán desenvolverse nestas áreas serán actividades deportivas ou lúdicas ó aire libre, merendeiros, hortos ou similares e regularase o deseño dos equipamentos necesarios, para evitar o uso de elementos ou texturas máis propias de ámbitos antropizados. Respecto aos puntos dotacionais



indícase que serán situados ó longo dos percorridos ciclistas e peoniles, nos que localizaranse áreas de estacionamento para vehículos e bicicletas, fontes para beber, pequenos núcleos de aseos ou similares.

O borrador inclúe dous apartados sobre paisaxe. No primeiro (o 4.2) enmarca o ámbito no Catálogo das paisaxes de Galicia e no POL, e no segundo (o 5.1) indica os obxectivos que pretenden alcanzarse en materia de paisaxe e identidade, e os criterios adoptados para tal fin. O DAE inclúe unha análise do medio perceptual e paisaxístico que recolle a caracterización da paisaxe do entorno, as dinámicas sufridas pola paisaxe e a valoración da súa calidade. En xeral esta análise, así como os criterios manifestados no borrador, considéranse adecuados. Por último o DAE incorpora unha serie de medidas preventivas e correctoras para a protección da paisaxe, tanto na fase de execución como na de explotación.

Cumpre sinalar que o DAE menciona que, para asegurar o correcto tratamento paisaxístico da actuación, está prevista a redacción dun estudo funcional e paisaxístico, en fases posteriores do plan para, segundo se indica, desenvolver o establecido pola Lei 7/2008 de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

3. Análise da incidencia do plan ou programa sobre a paisaxe:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar ao que se refire o plan ou programa localízase na grande área paisaxística Golfo Ártabro, na comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral. Respecto ao Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), a zona afectada pertence á unidade paisaxística 03_03_134A1 “Val do Rego de San Pedro” e parte do ámbito atópase dentro da área continua de ordenación, na que os usos que pretenden establecerse son permitidos, de acordo do artigo 55.1 do POL, en relación co 46.3.a.

A paisaxe da zona na que se prevé a actuación caracterízase pola presenza dunha ampla variedade de escenas diferentes. Por unha banda a canle do rego propiamente dita atópase nun estado bastante naturalizado, no que abundan as especies ripícolas autóctonas, aínda que mesturadas nalgúns áreas con especies alóctonas e/ou invasoras. Cumpre sinalar que a continuidade desta franxa vexetal vese interrompida en varios puntos, especialmente nun tramo no que existe unha instalación deportiva. Fora desta franxa, ademais da presenza da estrada N-VI, que divide o territorio de forma radical, tanto funcional como visualmente, existen zonas de prado e matogueira, urbanizacións de diferente tipoloxía e tamaño, vivenda colectiva e numerosas vivendas unifamiliares, mesturadas con algún centro comercial e algunha instalación industrial. Existen tamén algúns elementos patrimoniais catalogados (muíño). Dada a importante presión que sofre o entorno do rego, resulta prioritaria a execución deste plan previsto no PXOM, non só para preservar o valores que aínda existen, senón para procurar recuperar, na medida do posible, os valores perdidos.

Tendo en conta o carácter do plan, os criterios paisaxísticos manifestados no seu borrador e as medidas correctoras e preventivas que propón, a incidencia podería resultar positiva, pois coa eliminación de especies vexetais alóctonas, a limpeza e a ordenación do ámbito e a mellora da accesibilidade, recuperará dalgúns dos seus valores e facilitará o seu desfrute.

Non obstante, e para mellorar a integración paisaxística da actuación, súxírese incorporar as medidas preventivas seguintes:

- A superficie da senda peonil/ciclista realizarse en materiais filtrantes e de aspecto naturalizado. Solucións tipo gravilla ou saburra axústanse a estas características.





- O tratamento do pavimento das zonas destinadas a aparcadoiro debería presentar un aspecto compatible co entorno vexetal. Solucións tipo bloques de reixa resultan adecuadas.
- O deseño das pequenas construcións que se prevén (aseos, merendeiros ou similares), así como a sinalética e demais elementos de mobiliario, deberá ser coidado e ofrecer unha imaxe propia das pequenas construcións tradicionais en solo rústico, afastándose de deseños propios das contornas urbanas.
- Caso de atoparse peches tradicionais no ámbito, deberán conservarse e integrarse no deseño xeral da instalación.
- Resulta aconsellable que o estudo funcional e paisaxístico que se pretende realizar en fases posteriores, sexa redactado nas primeiras fases dos traballos de modo que as súas conclusións sexan incorporadas desde o primeiro momento no deseño da actuación.

4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que o plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro, PE-2R, non provocará un impacto paisaxístico significativo de carácter negativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas anteriormente.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
Alfredo Fernández Ríos

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Guillermo Evia Pérez

(Documento asinado electronicamente)



RV: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2019AAE2326)



Mobilidade, Cim

xov 09/05/2019 14:32

Para:Estratexica, Avaliación Ambiental <avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal>;

Vista la documentación del procedimiento del asunto, consistente en un Plan Especial de Protección y Acondicionamiento del Río San Pedro en el Aytº de Oleiros, para poner en valor dicho entorno natural con la recuperación de los elementos de interés y valor y posibilitando el acceso de la población a ellos de manera racional y sostenible, diseñando una red de itinerarios peatonales y ciclistas como elemento prioritario en la articulación del ámbito con su entorno y regulando el estacionamiento, **se considera que no hay ninguna consideración que realizar.**

Secretaría da Dirección Xeral de Mobilidade
Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 544 581
correo:mobilidade.cim@xunta.gal



De: Estratexica, Avaliación Ambiental

Enviado el: martes, 23 de abril de 2019 11:47

Asunto: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2019AAE2326)

Na páxina web http://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental está á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do seguinte plan:

Procedemento: avaliación ambiental estratéxica simplificada

Nome do plan: Plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro, PE-2R , concello de Oleiros

Promotor: Concello de Oleiros

Órgano substantivo: Concello de Oleiros

Expediente: 2019AAE2326

Código web: 2198/2019

co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece o artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O prazo para esta consulta está aberto dende o día **23/04/2019** ata o día **24/06/2019**.

No caso de que o estimen conveniente, prégase envíen as observacións e suxestións que considere oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos do Plan.

Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Rúa San Lázaro s/n

15781 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal

Informe relativo ao Plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro, PE-2R, concello de Oleiros (A Coruña)

Unha vez estudado o documento de referencia, informo o seguinte:

O Concello de Oleiros proxecta o desenvolvemento do Plan Especial de protección e acondicionamento do río San Pedro. Trátase dunha actuación de posta en valor da contorna do río prevista no PXOM do concello no ámbito sinalado neste documento como PE-2R. Este espazo comprende dous polígonos situados ao longo do trazado do río, que engloban a maior parte do mesmo entre os lugares de O Seixal e O Caño.

Dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2019AAE2326), a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda abriu un prazo de consultas segundo establece a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Estudado o documento presentado, comprobouse que a planificación inclúe a zonificación do ámbito en diferentes espazos, a dotación de aparcadoiros, elementos para o alumeado e a construción de diversas sendas e accesos, xunto con diferentes medidas para a recuperación e a posta en valor da contorna do río. A superficie sobre a que se pretende desenvolver as obras está clasificada no PXOM de Oleiros en parte como solo rústico de especial protección forestal e en parte como sistema de espazos libres e zonas verdes. Consultada a ortofotografía aérea PNOA na páxina web SIOTUGA, obsérvase que na actualidade se atopa ocupada, na súa maior parte, por áreas ocupadas por vexetación espontánea e por plantacións forestais.

De acordo cos datos obrantes no Servizo de Montes, a zona de actuación non afecta a montes veciñais en man común, do Catálogo de montes de Utilidade Pública nin de xestión pública.

Na páxina 20 do documento presentado, no epígrafe relativo ás redes eléctricas, indícase a distancia que deberá haber entre estas redes e as masas arbóreas e puntualízase que deberase cumprir a lexislación sectorial ao respecto. É necesario lembrar que tamén deberase cumprir na contorna das liñas eléctricas, o especificado na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Normativa forestal de aplicación:

- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal.
- Orde de 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal.

A **Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia**, dispón no seu Título I as competencias que



Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Montes
Edif.. Administrativo Monelos – Vicente Ferrer, 2 – 15008 A CORUÑA

corresponden en materia forestal ás distintas administracións públicas. Dentro deste título, as competencias da administración local exprésanse do xeito seguinte:

“Artigo 11. Competencias da Administración local

As entidades locais, no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia, exercen as competencias seguintes:

- a) A xestión dos montes da súa titularidade non incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública.*
- b) A disposición do rendemento económico dos aproveitamentos forestais de todos os montes da súa titularidade, sen prexuízo do disposto nesta lei en relación co fondo de melloras de montes catalogados ou, se for o caso, do disposto na normativa da Comunidade Autónoma.*
- c) A emisión de informe preceptivo no procedemento de elaboración dos instrumentos de ordenación forestal relativos aos montes da súa titularidade incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública.*
- d) A xestión dos montes catalogados da súa titularidade, cando así o soliciten, de acordo co establecido no artigo 34.2.*
- e) A emisión doutros informes preceptivos establecidos nesta lei relativos aos montes da súa titularidade.”*

A distribución competencial expresada no título I da Lei 7/2012 aplicarase a todos os terreos de monte da Comunidade Autónoma. No artigo 2 desta Lei especificanse os terreos que teñen a consideración de monte ou terreo forestal:

“Artigo 2. Concepto de monte ou terreo forestal

1. Para os efectos desta lei, enténdese por monte ou terreo forestal todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou que procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) Os terreos ermos, os rochedos e os areas.*
- b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte en que se localizan, así como os equipamentos e as infraestruturas de uso sociorrecreativo.*
- c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, sempre que adquirisen sinais inequívocos do seu carácter forestal, cando formen parte de superficies continuas de polo menos 5 hectáreas, agás que se trate de terreos que estean incluídos con ese fin nun banco de terras ou instrumento semellante.*
- d) Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba coa finalidade de ser repoboado ou transformado á actividade forestal, de conformidade coa normativa aplicable.*
- e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de 5 hectáreas, a non ser que se compoñan os ditos enclaves de masas de especies forestais de frondosas do anexo 1 cunha idade media de polo menos dez anos, diminuíndose, para estes casos, a dita superficie mínima ata 1 hectárea.*

2. Non teñen a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) O solo urbano e o solo de núcleo rural.*
- b) O solo urbanizable delimitado, coas excepcións sinaladas na disposición transitoria quinta.*
- c) Os terreos de dominio público, agás os que integran o dominio público forestal.*



Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Montes
Edif.. Administrativo Monelos – Vicente Ferrer, 2 – 15008 A CORUÑA

d) Os terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola.

e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria, sen prexuízo do establecido no apartado seguinte deste artigo e no artigo 61 desta lei.

3. En todas as categorías de solo rústico de especial protección os aproveitamentos forestais rexeranse polo disposto nesta lei en todo aquilo en que non se lles aplique a súa normativa específica.”

A Disposición adicional primeira da lei 7/2012, defecto de licenza municipal explicita o que se transcribe respecto ao requirimento de licenza municipal:

“As plantacións forestais e as accións de tipo silvícola, así como as de aproveitamento, incluídos as cortas e os abatementos das árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso ou arboredo, haxa ou non planeamento urbanístico municipal aprobado, non requirirán licenza municipal se se realizan en solo rústico ou urbanizable non delimitado, e deberán someterse ao estipulado nesta lei.”

A **Lei 7/2003, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia**, estableceu no seu Título III unha rede estratéxica de faixas de defensa contra os incendios forestais, aproveitando as infraestruturas xa presentes no terreo.

“Artigo 20. Redes de faixas de xestión de biomasa

1. A xestión da biomasa existente nos terreos forestais e zonas de influencia forestal é realizada a través de faixas, ubicadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou remoción total ou parcial da mesma, buscando a ruptura da continuidade horizontal e vertical da biomasa presente.

2. As faixas de xestión de biomasa divídense en redes primarias, secundarias e terciarias.

3. As redes primarias de faixas de xestión de biomasa son infraestruturas lineais de prevención e defensa, e localízanse ao longo:

- a) Da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais.
- b) Das infraestruturas ferroviarias.
- c) Das liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural, estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, e estacións de telecomunicacións.”

4. As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.

5. As redes terciarias de faixas de xestión de biomasa localízanse nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, áreas cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.

(...)

Artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa

Nos espazos definidos como redes primarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición



Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Montes
Edif.. Administrativo Monelos – Vicente Ferrer, 2 – 15008 A CORUÑA

adicional terceira desta lei.

(...)

c) Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

(...)

Artigo 21. Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa

1. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.*
 - b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.*
 - c) Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*
- 2. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.*
- 3. As distancias mencionadas neste artigo mediranse, segundo os casos:*
- a) Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.*
 - b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.*
 - c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais.*
 - d) Desde o peche perimetral no caso dos cámpings”*

A Orde de 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal clasificou o territorio do concello de Oleiros como zona de medio risco de incendios forestais (zona ZAR).

Conclusións

Estudada a planificación contida no borrador presentado, non se atoparon afeccións negativas ao medio forestal derivadas da execución das obras. Non obstante, dado que o proxecto presentado é un borrador, convén sempre recordar a necesidade de axustar as prescricións do documento definitivo relativas a normas e actuacións sobre terreos forestais e masas arbóreas á distribución de competencias establecida na lei 7/2012, de montes de Galicia e mais ás prescricións contidas na lei 3/2007, de prevención e defensa fronte aos incendios forestais de Galicia.

Na contorna das liñas eléctricas deberase xestionar a vexetación de acordo co especificado no artigo 20 bis da lei 3/2007, de prevención e defensa fronte aos incendios forestais de Galicia.

A Coruña, 28 de maio de 2018





OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO RÍO SAN PEDRO, PE-2R. CONCELLO DE OLEIROS

<u>Trámite:</u>	Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
<u>Documento:</u>	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) do <i>PE-2R, Plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro</i>
<u>Ámbito:</u>	Rego San Pedro entre Iñas e O Seixal.
<u>Autor:</u>	PROYFE, S.L. (Lorena Pardiñas Lamas, arquitecta, e Juan Díaz Pardo, enxeñeiro industrial)
<u>Promotor:</u>	Instituto Galego da Vivenda e Solo
<u>Data da solicitude:</u>	23.04.2019
<u>Código web:</u>	2198/2019
<u>Expediente:</u>	2019/1327

MARCO LEGAL

O planeamento vixente no concello de Oleiros é o Plan xeral de ordenación municipal (en diante PXOM) do 11.12.2014.

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247 do 28.12.2018)

INTRODUCCIÓN

En virtude do previsto no artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), o 24.04.2019 acórdase pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático *"Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro, PE-2R, concello de Oleiros, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico"*. De acordo co artigo 5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, enténdese por "administracións públicas afectadas" as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. O artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Asemade o 23.04.2019 recíbese nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante DXPC), remitida polo Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, a solicitude do traslado das observacións e suxestións relativas ao patrimonio cultural. A remisión da consulta xustifícase en que *"No ámbito do plan especial localízanse varios elementos catalogados do patrimonio cultural"*.

En base ao anteriormente exposto fórmulanse as seguintes observacións e suxestións ao *PE-2R, Plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro*:

1. Obxecto do expediente

O OBXECTO do Plan especial (en diante PE) é, segundo se describe no apartado *"5. Obxectivos, estratexias e criterios de ordenación"*, a protección e o acondicionamento do Río San Pedro no seu ámbito de influencia, entre Iñas e O Seixal.



Como obxectivos específicos establécense os seguintes:

- *Dotar de unidade proxectual e continuidade ao conxunto.*
- *Dotación dun itinerario peonil e ciclista, paralelo á N-VI, como alternativa de mobilidade non motorizada.*
- *Recuperación ambiental e posta en valor do río e o seu entorno e catalogación e protección dos elementos naturais e construídos de interese.*

O ÁMBITO localízase nos terreos ao carón do río San Pedro, entre Iñás e O Seixal e abarca unha superficie de 438.300 m². Atópase rodeado por vivendas unifamiliares, dúas urbanizacións de vivendas unifamiliares, instalacións deportivas (campo de fútbol), naves industriais do sector servizos e infraestruturas viarias, das que cómpre salientar a estrada N-VI que discorre de xeito paralelo ao propio rego de San Pedro, e que supón unha barreira na comunicación dos núcleos localizados no outro lado da estrada co entorno fluvial.

2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

2.1. Bens do patrimonio cultural recollidos no Borrador:

O PE recolle no apartado “2.9 Elementos de interese patrimonial cultural e natural” os seguintes bens catalogados no PXOM vixente:

- No ámbito do PE:
 - C1: Muíño de Carbón. Estado de conservación regular. Protección non integral
 - C3: Muíño de Auga. Estado de conservación malo. Protección non integral
 - D18: Fonte da Canteira. Iñás. Campo da Vila
- No entorno do ámbito, aínda que fóra dos seus límites, e sen que se produza afección sobre os mesmos ou sobre os seus contornos de protección:
 - A07: Igrexa de San Xurxo de Iñás
 - B16: Pazo Arenaza
 - B18: Pazo de Fontes
 - B19: Santa María do Vilar
 - B34: Villa Isabel
 - B35: Finca Rodilla e Xardíns
 - B40: Casa en Morzán
 - B68. Casa en Campo de Vila
 - B69: Casa en Fontes

Respecto dos bens localizados no ámbito, o Borrador sinala nos planos de ordenación a súa intención da “Recuperación e posta en valor dos muíños”, mais sen concretar a proposta.

Non se inclúe normativa relativa á protección do patrimonio cultural.

2.2. Outros elementos que poderían ser posuidores de valores culturais:

No seu artigo 91 a LPCG define o patrimonio etnolóxico de Galicia como *os lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia.*

Poderían formar parte deste patrimonio etnolóxico os elementos configuradores da estrutura tradicional do ámbito, como son a rede de camiños, as sebes, tapias, noiros e outros semellantes, así como as fontes e lavadoiros. Da reportaxe achegada detéctase a existencia dalgúns destes elementos no interior do ámbito, polo que semellaría necesario estudalos aos efectos de determinar se forman parte deste patrimonio, ou se son posuidores de valores culturais que os fagan merecedores da súa salvagarda. A continuación achéganse imaxes dalgúns deles:





Asemade, a ficha “Muíño de Auga. Fortaleza” fai referencia á súa localización xunto a unha fonte e un lavadoiro.

3. Medidas protectoras e correctoras

a. Se ben se achega unha listaxe dos elementos xa incluídos no Catálogo do PXOM, detéctase a existencia doutros elementos que poderían ser posuidores de valores que os fagan merecentes da súa inclusión no catálogo de elementos protexidos, polo que deberase realizar un estudo exhaustivo do ámbito co obxecto desta valoración. De ser o caso, toda vez identificados, delimitaranse os bens e o seu contorno de protección para a súa inclusión no Catálogo e a súa representación nos planos de ordenación.

De concluír a existencia de valores culturais, mais sen que sexa necesaria a súa catalogación, procurarase a súa salvagarda integrándoos na futura ordenación, para o que se recomenda a súa identificación na cartografía ao obxecto de coñecer a súa localización e extensión.

b. De calquera xeito, deberase elaborar un Catálogo propio do PE¹, no que se incluírán tanto os bens xa detectados, así como aqueles novos para os que, de ser o caso, se considere conveniente a súa catalogación.

Achegaranse fichas individuais de cada un dos bens, co seu contido axustado ás esixencias da normativa vixente², polo que cómpre facer as seguintes correccións respecto daquelas contidas no Catálogo do PXOM:

- Incluirase a clasificación (bens de interese cultural ou catalogados) de cada un dos bens, segundo o establecido no artigo 8 da LPCG e engadirase en cada ficha a categoría do ben (artigo 10 da LPCG).
- Os niveis de protección serán os establecidos no artigo 41 da LPCG. Asemade, empregarase o termo adaptado á vixente lei (“nivel” en lugares de “grao” de protección).
- Engadirase a referencia ás actuacións permitidas (artigo 42 da LPCG).
- En aplicación do capítulo V do título I da Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, describiranse os valores culturais que xustifican a súa catalogación e o nivel de protección asignado, así como os materiais, sistemas construtivos, elementos e características singulares especificamente protexidos e que, polo tanto, deben ser de obrigada conservación.
- Grafaranse os bens e os seus contornos de protección, engadindo lenda explicativa que facilite a súa comprensión. Terase en conta que:
 - Canto á delimitación dos bens, estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que este quedaría descontextualizado, polo que con carácter xeral, deberá recollese e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios. No caso de bens agrupados formando un conxunto (edificacións principais, construcións anexas, xardíns ou espazos libres de parcela, muros de peche ou cancelas, etc) grafarase o conxunto de xeito que poda identificarse a dita agrupación de maneira unitaria, incluíndo o espazo libre ou a finca da que forman parte.
 - Os contornos de protección deberanse delimitar atendendo á relación dos bens coa área territorial á que pertence, seguindo as pegadas físicas existentes no territorio próximo (límites de parcelas, camiños, muros, cómaros,...).

c. Engadirase un apartado específico coa Normativa relativa ao patrimonio cultural, actualizada segundo o marco normativo vixente citado ao inicio do presente informe, que conteña, cando menos, os tipos de obras permitidos segundo os niveis de protección, o réxime de autorizacións, os criterios de intervención contidos na LPCG, etc.

Canto ao control arqueolóxico, estarase ao disposto na LPCG e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia.

O Borrador do PE determina no apartado 4.7 que *“As determinacións do plan haberán de xustificar o cumprimento da lexislación sectorial en materia de accesibilidade.”* Ao obxecto de garantir a axeitada conservación dos elementos protexidos do ámbito, engadirase o contido do artigo 29 da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, segundo o cal *“Os bens declarados protexidos como bens de interese cultural ou incluídos en catálogos municipais ou en plans especiais de protección por razón do seu particular valor histórico-artístico poderán ser obxecto daquelas solucións alternativas que permitan as mellores condicións de accesibilidade posibles sen incumprir a normativa específica reguladora dos devanditos bens, incorporando os elementos de mellora que non alteren o seu carácter ou os valores polos que son protexidos”*.

d. Canto á Cartografía:

- Representarase a delimitación dos bens e a dos seus contornos de protección.

1 Artigo 35 da LPCG

2 Artigo 81.3 da LSG, artigo 197.1 do regulamento da LSG e DA 3ª da LPCG



- De concluír a existencia de elementos posuidores de valores culturais, para os que se considere conveniente a súa salvagarda, mais sen necesidade da súa catalogación, recoméndase cartografalos ao obxecto de coñecer a súa localización e extensión, para a súa integración na futura ordenación do ámbito.
- e. O Borrador do PE contén unhas directrices xerais de ordenación, polo que será coas propostas concretas cando poida avaliarse con rigor a afección sobre bens do patrimonio cultural localizados no ámbito.

CONCLUSIÓN

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións ao *Plan especial de protección e acondicionamento do río San Pedro*:

Unha vez aprobado inicialmente o plan especial, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, no día asinado dixitalmente
A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua
(asinado dixitalmente á marxe)

